



## Concello da Pobra do Caramiñal

---

**Expediente:** 1049/2020

**Asunto:** Aprobación PACES

D. Guillermo José Fernández López, secretario do Concello da Pobra do Caramiñal (A Coruña), do que é alcalde-presidente D. José Luis Piñeiro García, CERTIFICA:

Que na sesión plenaria celebrada o día 28/09/2020, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

### **“7.PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA APROBACIÓN DO PACES**

*O alcalde-presidente procede a dar lectura á proposta, co seguinte teor literal:*

*En data 12 de xuño de 2020, este Concello procedeu á solicitude da subvención convocada mediante Orde do 5 de maio de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais asinantes do Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía sustentable, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020.*

*En data 10 de setembro de 2020, notificouse definitivamente a concesión da axuda solicitada, por un montante total de 6.000,00 euros, co obxecto da elaboración do Plan de acción para o clima e a enerxía sustentable.*

*Considerando que mediante contrato menor de servizos, foille adjudicado á mercantil SICASOFT SOLUTIONS S.L. a redacción do plan.*

*Unha vez entregado o plan ao mesmo e revisado polos servizos técnicos, procede aprobar o mesmo, polo que esta Alcaldía, en virtude das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, eleva ao Pleno para o seu estudo, debate e votación a seguinte proposta:*

**Primeiro.-** *Aprobar o Plan de acción para o clima e a enerxía sustentable do Concello da Pobra do Caramiñal.*

**Segundo.-** *Proceder a execución do mesmo, realizando as actividades e adoptando as accións e comportamentos recollidos no mesmo.”*

*Finalizado o debate sométese a votación o punto da orde do día, quedando **aprobado por maioría absoluta** con 8 votos a favor (Nós Pobra + BNG + PSdG-PSOE) e 5 abstencións (PP).”*

E para que así conste expido a presente, de orde e co visto e praxe do sr. alcalde-presidente e facenda expresa mención á salvedade recollida no artigo 206 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, na Pobra do Caramiñal a data da sinatura dixital.

---

**Concello da Pobra do Caramiñal**

R/ Gasset, 28, A Pobra do Caramiñal. 15940 (A Coruña). Tfno. 981843280. Fax: ---



Cod. Validación: 9KVL4JZMQLM5K7Z75KAE4WPSS | Corrección: <https://apobra.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



## Concello da Pobra do Caramiñal

---

Vº e praxe

O alcalde

O secretario

---

**Concello da Pobra do Caramiñal**

R/ Gasset, 28, A Pobra do Caramiñal. 15940 (A Coruña). Tfno. 981843280. Fax: ---



Cod. Validación: 9KNL4JZMQLM5K7Z75KAE4WPPS | Corrección: <https://apobra.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2